



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes

R.P. 7088/2024.- Aprobación das bases do XVI Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais

XVI Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais

Coa intención de difundir, apoiar e promocionar os grupos e artistas musicais das diferentes comarcas e localidades galegas, así como para lembrar e difundir socialmente a figura e a obra do músico, compositor para espectáculos musicais e teatrais e dinamizador cultural, que foi o cantante Fran Pérez “Narf”, a Deputación da Coruña convoca o XVI Concurso Fran Pérez “Narf” para grupos e artistas musicais, de acordo coas seguintes

BASES

Primeira.-

Poderá participar calquera grupo ou artista musical galego ou residentes en concellos galegos, do ámbito da música pop e variantes (folk, rock, rap, reggae...), que non fosen premiados nos cinco anos naturais anteriores do concurso.

As persoas participantes non poderán formar parte de máis dun grupo dos que participen no concurso. As/os artistas que se presenten individualmente tampouco poderán formar parte de grupo ningún.

Cada grupo ou artista participará cun mínimo de catro temas orixinais (tanto na letra, como na música) e compostos polo grupo ou persoas que o compoñen ou pola/o artista, no caso de participaren individualmente; se hai máis de catro temas, deberán indicar os que sexan orixinais. A maqueta dos temas presentados terá unha duración máxima de 20 minutos.

A orixinalidade dos temas e a súa autoría xustificárase mediante unha declaración responsable manifestando ser a persoa ou persoas autoras e titular/es de todos os dereitos.

En consecuencia, a Deputación Provincial da Coruña non se fará responsable das posibles denuncias por plaxio ou eventualidade similar que poideran xurdir, recaendo na persoa ou grupo participante afectada as accións legais que procedan e asumindo, se é o caso, as indemnizacións que poideran corresponder polos prexuízos ocasionados a particulares ou á organización.

A convocatoria tramitarase de xeito telemático, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

Dado que a tramitación será telemática:

Quen presente a solicitude deberá dispoñer dun único enderezo electrónico de contacto durante a tramitación do expediente, ao que se dirixirán as comunicacións; excepcionalmente, e de xeito xustificando, poderá modificar este enderezo inicial, sempre e cando se notifique o dito cambio á Deputación.

Deberá dispoñer de certificado dixital.

Segunda.-

Establécense os seguintes premios:

Primeiro premio	4.000 €
Segundo premio	2.000 €
Terceiro premio	1.500 €

Estas cantidades están suxeitas ás retencións legais que lles sexan de aplicación.

Os premios non poderán concederse a título póstumo, sin prexuízo dos dereitos de sucesión que poidan exercerse se a persoa premiada falecese despois da decisión do xurado (no caso de persoas físicas).

O grupo ou artista que obteña o primeiro premio formará parte, a maiores, dunha programación específica de apoio á difusión da súa creatividade. Para a súa concreción, a Deputación da Coruña chegará a acordos para a súa inclusión no programa de tres festivais ou eventos culturais de referencia do panorama galego.

Terceira.-

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria deste concurso no BOP da Coruña, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e rematará ás **14:00 horas do día 20 de xuño de 2024**.

As solicitudes presentaranse de xeito telemático na sede electrónica da Deputación da Coruña, a través da plataforma de tramitación electrónica da Deputación (SUBTEL).

A solicitude e toda a documentación estará asinada pola persoa que presenta a solicitude.

A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa presentada dentro do prazo establecido e na plataforma citada. Non se terán por presentadas as solicitudes que se acheguen noutros rexistros.

Serán rexeitadas automaticamente as solicitudes que conteñan documentos electrónicos que incorporen código malicioso ou dispositivo susceptible de afectar á integridade ou seguridade do sistema, omitan documentos esixidos, non se cumprimenten os campos requiridos como obrigatorios ou cando conteñan incongruencias ou omisións que impidan o seu tratamento.

Cuarta.-

A documentación que se ha presentar é a seguinte:

- Datos do grupo ou artista:

- Nome artístico
- Nome e apelidos da persoa representante e NIF
- Enderezo postal
- Teléfono.

- Relación de compoñentes do grupo, indicando nome e apelidos, DNI, e instrumento.

- Necesidades das actuacións:

- Técnicas
- De montaxe
- Plano do escenario

- Breve biografía do/a artista ou grupo.

- Maqueta dos temas presentados en formato Mp3 ou Ogg Vorbis, cunha duración máxima de 20 minutos.

- Informe fotográfico e de prensa.

- Certificado ou volante de empadramento en calquera concello galego; no caso dos grupos, deberán presentalo, polo menos, un terzo dos seus compoñentes.

- Declaración de consentimento expreso para o tratamento dos datos persoais que constan na solicitude para a participación no *XVI Concurso Fran Pérez "Narf" para grupos e artistas musicais*, de conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

No caso de grupos:

- Acordo de nomeamento da persoa que represente ao grupo no que se especifique o alcance da dita representación (presentación telemática da solicitude e sinatura electrónica de toda a documentación necesaria para a súa tramitación, así como autorización para o cobro do importe do premio e da indemnización, se fose o caso).

Quinta.-

O xurado estará presidido pola persoa que ocupe a Presidencia da Deputación ou persoa en quen delegue e cinco persoas de recoñecido prestixio no ámbito musical, nomeadas por ela.

As funcións de secretaría exerceraas a secretaria da Corporación, ou a funcionaria ou funcionario en quen delegue.

Para o nomeamento do xurado respectarase a presenza equilibrada de mulleres e homes, en cumprimento do disposto no Capítulo I, artigo 5.2d) do Decreto lexislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

As persoas que integren o xurado estarán sometidas ao deber de abstención nos casos sinalados no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de rexime xurídico do sector público.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>), co fin de que se poidan interpor, se for o caso, os recursos legais pertinentes.

Sexta.-

O xurado actuará en pleno e será necesaria a asistencia da maioría simple dos seus membros. Para os efectos da validez da súa constitución aplicarase o disposto no art. 17 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As deliberacións serán secretas e delas será redactada a acta correspondente.

O xurado presentará a súa proposta á Presidencia da Deputación, que é o órgano competente para conceder os premios.

O fallo do xurado será inapelable; terá lugar no segundo semestre de 2024 e será dado a coñecer a través do taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>); a Deputación resérvase o dereito a cambiar a data se é necesario.

Sétima.-**7.1.- Preselección**

O xurado, despois da audición das maquetas recibidas, realizará unha primeira selección dun total de tres artistas e/ou grupos que accederán á fase final da actuación en directo; así mesmo nomeará tres suplentes para o caso de que algún dos seleccionados non poda acudir a esta actuación.

O resultado da preselección e a convocatoria da actuación serán publicados no taboleiro de anuncios da sede electrónica da Deputación (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/informacion/>).

7.2.- Fase final: actuación en directo

A fase final, que terá lugar o día 19 de outubro, consistirá na actuación en directo dos grupos ou artistas preseleccionados e decidirá os premios do concurso.

A actuación de cada un dos grupos ou artistas participantes terá unha duración máxima de 15 minutos, en que interpretarán temas da maqueta presentada.

A organización do concurso facilitaralles aos grupos e/ou artistas que accedan á fase da actuación en directo, equipo de son, escenario e equipo de iluminación; tamén fixará os horarios das probas de son e da actuación de cada un deles.

Os grupos ou artistas que participen nesta fase recibirán a cantidade de 300 €, cada un deles/as, en concepto de indemnización por gastos de desprazamento.

Oitava.-

A participación na presente convocatoria supón a total aceptación destas bases, así como a autorización á Deputación da Coruña para difundir, por un período máximo de seis meses e por calquera canle, os temas orixinais incluídos nas maquetas presentadas polos grupos e/ou artistas premiados.

Novena.-

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para facilitar o exercicio dos dereitos, a Deputación pon ao seu dispor un modelo de solicitude https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/procedimientosytramites/tramites/EjercicioDerechosLOPD_N

Para calquera outra dúbida poderá dirixirse ao Delegado de Protección de datos da Deputación a través do seguinte correo electrónico: delegadodeprotecciondedatos@dacoruna.gal

A Coruña, 23 de febreiro de 2024.

O presidente,

Valentín González Formoso

A secretaria,

Amparo Taboada Gil